

**ACTA NÚMERO: 04/2024**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2024.**

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 1 de febreiro de 2024 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidenta:** Dona Isabel Couselo Torres, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG.
- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 18 de xaneiro de 2024 (Reunión 3/2024).*
2. *Dar conta da oferta presentada por UNIPREX, S.A.U. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade convocado para a contratación do servizo de cobertura publicitaria, coa empresa UNIPREX, S.A.U. de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024. (Expte.- 2023076499).*
3. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto de "Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do Centro Príncipe Felipe". (Expte.- 2023061342).*
4. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración e instalación de proxectores LED para o campo de fútbol do Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2023062948).*
5. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do Servizo de consultoría para a redacción e elaboración do Plan Estratéxico de Turismo do destino Rías Baixas 2024-2027. (Expte.- 2023060058).*
6. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para contratación da subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto "Da Túa Man" (RURAL II) presentado a convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais financiado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do PRTR Nextgeneration.EU. (Expte.- 2023066084).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación das obras de "Substitución de celosías e carpinterías de aluminio no núcleo de escaleiras no Centro infanto-xuvenil Escola Fogar Príncipe Felipe". (Expte.- 2023017075).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación das obras de "Mellora da mobilidade peonil na E.P.2801 Fornelos - Estacas, entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+210 (Concello de Fornelos de Montes)". (Expte.- 2023029059).*
9. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes coa documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación das obras de "Urbanización da Rúa Condessa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)". (Expte.- 2023056043).*



10. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes coa documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de retirada de vehículos abandonados nos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a 50.000 habitantes. (Expte.- 2023070190).*
11. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes coa documentación administrativa e avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación das obras de "Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra". (Expte. 2023035838)*
12. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes coa documentación administrativa e avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación das obras de "Substitución das escaleiras de emerxencia de Escola Fogar en Centro Príncipe Felipe". (Expte. 2023006144)*
13. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes coa documentación administrativa e avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación das obras de "Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén Xeral de Centro Príncipe Felipe". (Expte. 2023006141)*
14. *Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes coa documentación administrativa e avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación das obras de "Mellora do acceso ao Laboratorio na Estación Filopatolóxica de Areeiro". (Expte. 22023038720)*
15. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes coa documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación da "Subministración do licenciamiento do software de virtualización VMware para a nova infraestrutura de servidores da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2023055648).*
16. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes coa documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación da "Subministración do licenciamiento do software de virtualización VMware para a nova infraestrutura de servidores da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2023055648).*
17. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes coa documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor, para o campamento da Lanzada 2024. (Expte.- 2023062397).*
18. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes coa documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor, para o campamento da Lanzada 2024. (Expte.- 2023062397).*
19. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de copia de seguridade na nube para a Deputación de Pontevedra. (Expte.-2023037975)*
20. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de copia de seguridade na nube para a Deputación de Pontevedra. (Expte.-2023037975)*

Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, participa na reunión a través de videoconferencia e tanto a Presidenta como os demais vogais citados asisten de forma presencial.

Non asiste o vogal permanente da Mesa de Contratación, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

### **1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 18 de xaneiro de 2024 (Reunión 3/2024).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 18 de xaneiro de 2024 (Reunión 3/2024).



- 2. Dar conta da oferta presentada por UNIPREX, S.A.U. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade convocado para a contratación do servizo de cobertura publicitaria, coa empresa UNIPREX, S.A.U. de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024. (Expte.- 2023076499).**

Por Resolución Presidencial número 2023000083 de data 09/01/2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do “Servizo de cobertura publicitaria, con UNIPREX, S.A.U. (A28782936), de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024”, desistíndose do anterior co mesmo obxecto.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa UNIPREX, S.A.U. (A28782936) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 10/01/2024.

A empresa UNIPREX, S.A.U. (A28782936) presentou a proposición con data 17/01/2024, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	37.190,08 €
IVE (21 %)	7.809,92 €
Importe ofertado con IVE	45.000,00 €

A Mesa de Contratación, queda enterada da oferta presentada pola empresa UNIPREX, S.A.U. (A28782936) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do “Servizo de cobertura publicitaria, con UNIPREX, S.A.U. (A28782936), de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024”

- 3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto de “Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do Centro Príncipe Felipe”. (Expte.- 2023061342).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2023009548 de data 14 de decembro de 2023 aprobouse o expediente de contratación



para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da asistencia técnica de redacción de proxecto de “Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do Centro Príncipe Felipe”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 15 de decembro de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 4 de xaneiro de 2024 procedeu á apertura electrónica dos sobres “únicos” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto de “Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do Centro Príncipe Felipe”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- SERGIO LOUZÁN SAAVEDRA (NIF: 46899452Z)
- FREIRE Y VÁZQUEZ ARQUITECTOS SLP (NIF: B27872696)

Os valores ofertados foron os seguintes:

**SERGIO LOUZÁN SAAVEDRA (NIF: 46899452Z)**

**1. Prezo ofertado:**

Importe sen o IVE:	14.000,00 €
IVE (21 %):	2.940,00 €
Importe total ofertado:	16.940,00 €

**2. Formación do equipo humano:**

FORMACIÓN	TIPOLOXÍA	Sinalar cun X
Que unha das persoas que forme parte da redacción do proxecto conte con <b><u>formación en deseño sostible en edificacións</u></b>	Master Universitario	
	Cursos >150 horas	
	Cursos 100 horas e ata 149 horas	
	Cursos 50 horas e ata 99 horas	
	Cursos <50 horas	
Que unha das persoas que forme parte da redacción do proxecto conte con <b><u>formación en rehabilitación de inmoables</u></b>	Master Universitario	
	Cursos >150 horas	
	Cursos 100 horas e ata 149 horas	
	Cursos 50 horas e ata 99 horas	
	Cursos <50 horas	
Que unha das persoas que elabore o informe de patoloxías conte con <b><u>formación en instalacións</u></b>	Master Universitario	
	Cursos >150 horas	
	Cursos 100 horas e ata 149 horas	
	Cursos 50 horas e ata 99 horas	
	Cursos <50 horas	



### 3. Experiencia profesional do director/a do proxecto:

Experiencia do/a director do proxecto na redacción de proxectos de obra que teñen por obxecto a construción ou rehabilitación de envolventes térmicas en edificios	Sinalar cun X
5 proxectos firmados	
4 proxectos firmados	
3 proxectos firmados	
2 proxectos firmados	
1 proxecto firmado	X
Ningún proxecto firmado	

Experiencia do/a director do proxecto na redacción de proxectos que teñen por obxecto instalacións eléctricas e/ou de iluminación	Sinalar cun X
5 proxectos firmados	
4 proxectos firmados	
3 proxectos firmados	
2 proxectos firmados	
1 proxecto firmado	X
Ningún proxecto firmado	

### 4. Representación do proxecto en 3D (sinalar cun X):

Criterio	Si	Non
A empresa entregará unha representación do proxecto en 3D	X	

### 5. Tecnoloxía de traballo (sinalar cun X):

Criterio	Si	Non
A empresa entregará o seu proxecto empregando a tecnoloxía BIM	X	

### 6. Acreditación dun sistema de calidade de ecodeseño ou equivalente vinculado co obxecto do contrato (UNE-EN ISO 14006) (sinalar cun X):

Criterio	Si	Non
A empresa ofertará a acreditación dun sistema de calidade de ecodeseño vinculado co obxecto do contrato (UNE EN ISO 14006) ou equivalente.		X

## FREIRE Y VÁZQUEZ ARQUITECTOS SLP (NIF: B27872696)

### 1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	24.700,00 €
IVE (21 %):	5.187,00 €
Importe total ofertado:	29.887,00 €

### 2. Formación do equipo humano:

FORMACIÓN	TIPOLOXÍA	Sinalar cun X
-----------	-----------	---------------



Que unha das persoas que forme parte da redacción do proxecto conte con <b><u>formación en deseño sostible en edificacións</u></b>	Master Universitario	
	Cursos >150 horas	
	Cursos 100 horas e ata 149 horas	
	Cursos 50 horas e ata 99 horas	X
	Cursos <50 horas	
Que unha das persoas que forme parte da redacción do proxecto conte con <b><u>formación en rehabilitación de inmobles</u></b>	Master Universitario	
	Cursos >150 horas	
	Cursos 100 horas e ata 149 horas	
	Cursos 50 horas e ata 99 horas	
	Cursos <50 horas	X
Que unha das persoas que elabore o informe de patoloxías conte con <b><u>formación en instalacións</u></b>	Master Universitario	
	Cursos >150 horas	
	Cursos 100 horas e ata 149 horas	
	Cursos 50 horas e ata 99 horas	
	Cursos <50 horas	

### 3. Experiencia profesional do director/a do proxecto:

Experiencia do/a director do proxecto na redacción de proxectos de obra que teñen por obxecto a construción ou rehabilitación de envolventes térmicas en edificios	Sinalar cun X
5 proxectos firmados	X
4 proxectos firmados	
3 proxectos firmados	
2 proxectos firmados	
1 proxecto firmado	
Ningún proxecto firmado	

Experiencia do/a director do proxecto na redacción de proxectos que teñen por obxecto instalacións eléctricas e/ou de iluminación	Sinalar cun X
5 proxectos firmados	
4 proxectos firmados	
3 proxectos firmados	
2 proxectos firmados	
1 proxecto firmado	X
Ningún proxecto firmado	

### 4. Representación do proxecto en 3D (sinalar cun X):

Criterio	Si	Non
A empresa entregará unha representación do proxecto en 3D	X	

### 5. Tecnoloxía de traballo (sinalar cun X):

Criterio	Si	Non
A empresa entregará o seu proxecto empregando a tecnoloxía BIM	X	

### 6. Acreditación dun sistema de calidade de ecodeseño ou equivalente vinculado co obxecto do contrato (UNE-EN ISO 14006) (sinalar cun X):



Critério	Si	Non
A empresa ofertará a acreditación dun sistema de calidade de ecodeseño vinculado co obxecto do contrato (UNE EN ISO 14006) ou equivalente.	X	

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada polo empresario SERGIO LOUZÁN SAAVEDRA (NIF: 46899452Z), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiña valores anormais ou desproporcionados no referente ao prezo ofertado.

Ante este feito, a Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir ao citado empresario para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precisen as condicións das mesmas, en particular no que se refire ao aforro económico, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables das que dispoña para executar a prestación.

Unha vez recibida a xustificación presentada polo empresario SERGIO LOUZÁN SAAVEDRA (NIF: 46899452Z), remitiuse a mesma ao persoal técnico do Centro Príncipe Felipe para a súa valoración. Con data 23/01/2024 emítase informe técnico con CSV Z71ZOCHE7C9938DO no que se conclúe que o empresario SERGIO LOUZÁN SAAVEDRA (NIF: 46899452Z) non xustifica adecuadamente a baixa no prezo.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, procedeuse a efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

	<b>FREIRE Y VÁZQUEZ ARQUITECTOS SLP (NIF: B27872696)</b>
1. Menor prezo ofertado sen IVE (máximo 49 puntos)	0,636 puntos
2. Formación do equipo humano (máximo 15 puntos)	0,500 puntos
3. Experiencia profesional do director/a do proxecto (máximo 20 puntos)	12,000 puntos
4. Representación do proxecto en 3D (máximo 10 puntos)	10,000 puntos
5. Tecnoloxía de traballo (máximo 4 puntos)	4,000 puntos
6. Acreditación dun sistema de calidade de ecodeseño ou equivalente vinculado co obxecto do contrato (UNE-EN ISO 14006) (máximo 2 puntos)	2,000 puntos
<b>TOTAL PUNTUACION SOBRE ÚNICO (Ata un máx. de 100 puntos)</b>	<b>29,136 puntos</b>



Considerando o anteriormente exposto, a Mesa de Contratación acorda:

1. Propor, ao órgano de contratación, excluír do procedemento a oferta presentada polo empresario SERGIO LOUZÁN SAAVEDRA (NIF: 46899452Z), pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Aprobar a clasificación da oferta presentada pola empresa admitida no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación deste servizo, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	EMPRESA LICITADORA	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	FREIRE Y VÁZQUEZ ARQUITECTOS SLP (NIF: B27872696)	29,136 puntos

3. Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do procedemento convocado para a contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto de “Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do Centro Príncipe Felipe” á empresa FREIRE Y VÁZQUEZ ARQUITECTOS SLP (NIF: B27872696), por alcanzar esta a maior puntuación, conforme ao seguinte detalle:

**1. Prezo ofertado:**

Importe sen o IVE:	24.700,00 €
IVE (21 %):	5.187,00 €
Importe total ofertado:	29.887,00 €

**2. Formación do equipo humano:**

FORMACIÓN	TIPOLOXÍA	Sinalar cun X
Que unha das persoas que forme parte da redacción do proxecto conte con <b><u>formación en deseño sostible en edificacións</u></b>	Master Universitario	
	Cursos >150 horas	
	Cursos 100 horas e ata 149 horas	
	Cursos 50 horas e ata 99 horas	X
	Cursos <50 horas	
Que unha das persoas que forme parte da redacción do proxecto conte con <b><u>formación en rehabilitación de inmoables</u></b>	Master Universitario	
	Cursos >150 horas	
	Cursos 100 horas e ata 149 horas	
	Cursos 50 horas e ata 99 horas	
	Cursos <50 horas	X
Que unha das persoas que elabore o informe de patoloxías conte con <b><u>formación en instalacións</u></b>	Master Universitario	
	Cursos >150 horas	
	Cursos 100 horas e ata 149 horas	
	Cursos 50 horas e ata 99 horas	
	Cursos <50 horas	





### 3. Experiencia profesional do director/a do proxecto:

Experiencia do/a director do proxecto na redacción de proxectos de obra que teñen por obxecto a construción ou rehabilitación de envolventes térmicas en edificios	Sinalar cun X
5 proxectos firmados	X
4 proxectos firmados	
3 proxectos firmados	
2 proxectos firmados	
1 proxecto firmado	
Ningún proxecto firmado	

Experiencia do/a director do proxecto na redacción de proxectos que teñen por obxecto instalacións eléctricas e/ou de iluminación	Sinalar cun X
5 proxectos firmados	
4 proxectos firmados	
3 proxectos firmados	
2 proxectos firmados	
1 proxecto firmado	X
Ningún proxecto firmado	

### 4. Representación do proxecto en 3D (sinalar cun X):

Criterio	Si	Non
A empresa entregará unha representación do proxecto en 3D	X	

### 5. Tecnoloxía de traballo (sinalar cun X):

Criterio	Si	Non
A empresa entregará o seu proxecto empregando a tecnoloxía BIM	X	

### 6. Acreditación dun sistema de calidade de ecodeseño ou equivalente vinculado co obxecto do contrato (UNE-EN ISO 14006) (sinalar cun X):

Criterio	Si	Non
A empresa ofertará a acreditación dun sistema de calidade de ecodeseño vinculado co obxecto do contrato (UNE EN ISO 14006) ou equivalente.	X	

A Mesa de Contratación comproba que a empresa FREIRE Y VÁZQUEZ ARQUITECTOS SLP (NIF: B27872696) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, que está debidamente constituída e non está incursoa en ningunha prohibición de contratar.



4. Facultar ao Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requirirle a empresa FREIRE Y VÁZQUEZ ARQUITECTOS SLP (NIF: B27872696), proposta como adxudicataria, mediante comunicación electrónica, para que presente o resto de documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector. Entre a documentación que debe aportar figura a seguinte:
- Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira.
  - Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais e materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato.
  - Documento que acredite a constitución da garantía definitiva polo importe de 1.235,00 €.

De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que a persoa licitadora retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, e a recadarlle a mesma documentación á ou ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

**4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración e instalación de proxectores LED para o campo de fútbol do Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2023062948).**

O Presidente decide retirar o asuntos da orde do día para un mellor estudo.

**5. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de consultoría para a redacción e elaboración do Plan Estratéxico de Turismo do destino Rías Baixas 2024-2027. (Expte.- 2023060058).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2023008745, de data 22/11/2023, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de consultoría para a redacción e elaboración do Plan Estratéxico de Turismo do destino Rías Baixas para os anos 2024-2027”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 22/11/2023. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 14/12/2023, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.



As empresas admitidas foron as seguintes:

- GEOCYL CONSULTORÍA, S.L. (CIF: B47685847)
- AVIVAE SOLUCIONES ESTRATÉGICAS S.L. (CIF: B94140688)
- CASTRO CONSULTING BUSINESS STRATEGY SL (CIF: B98640048)
- ESTRATEGIA Y ORGANIZACION, S.A. (CIF: A36196418)
- UTE BEINKE SEIXAS (CIF: U13809900)

Na reunión da Mesa de Contratación do día 14/12/2023, tamén procedeu á apertura electrónica dos sobre B correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas que resultaron admitidas e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do Servizo de Turismo Rías Baixas ao obxecto de que o persoal técnico do mesmo, avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

En data 09/01/2024 a Xefa de Turismo Rías Baixas emitiu informe de valoración dos criterios avaliables mediante xuízos de valor con CSV (ADJ9ZK3HKH1DJ4TN) sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

Empresas licitadoras:	UTE SEIXAS INVEST S.L.   BEINKE PROYECTOS TURÍSTICOS Y CULTURALES S.L.	ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A	CASTRO CONSULTING BUSINESS STRATEGY S.L.	AVIVAE SOLUCIONES ESTRATÉGICAS S.L.	GEOCYL CONSULTORÍA S.L.
<i>Criterios de valoración</i>					
1. <i>Análise estratéxico do destino</i>	3	7	5	1	2
2. <i>Diagnóstico estratéxico e reflexión de cara á formulación estratéxica</i>	3	12	8	3	7
3. <i>Alcance</i>	1	7	5	0	3
4. <i>Proceso de acción</i>	1	10	4	0	1
5. <i>Plan de traballo</i>	2	6	7	2	3
<b>TOTAL</b>	<b>10</b>	<b>42</b>	<b>29</b>	<b>6</b>	<b>16</b>

A Mesa de Contratación na reunión celebrada o día 18/01/2024 en base ó citado informe acordou prestar conformidade as citadas puntuacións e que se proceda á apertura do sobre "C", correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos



presentadas polas empresas, ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A. e CASTROCONSULTING BUSINESS STRATEGY S.L., ao alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (22,5 puntos), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

Os valores ofertados foron os seguintes:

#### **CASTRO CONSULTING BUSINESS STRATEGY S.L**

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	51.174,43 €
IVE (21 %):	10.746,63 €
Importe total ofertado:	61.921,06 €

2. Experiencia (número de traballos) da persoa directora do proxecto superior a mínima establecida nos pregos: 13 traballos.

O servizo de Turismo Rías Baixas, unha vez examinados os títulos dos traballos presentados considera que **só 5 reúnen os requisitos** para ser considerados traballos iguais ou similares, tal e como se establece no apartado 9.2 do PCAP

3. Experiencia (número de traballos) da persoa consultora 1 superior a mínima establecida nos pregos: 11 traballos.

O servizo de Turismo Rías Baixas, unha vez examinados os títulos dos traballos presentados considera que **só 3 reúnen os requisitos** para ser considerados traballos iguais ou similares, tal e como se establece no apartado 9.2 do PCAP

4. Experiencia (número de traballos) da persoa consultora 2 superior a mínima establecida nos pregos: 10 traballos

O servizo de Turismo Rías Baixas, unha vez examinados os títulos dos traballos presentados considera que **só 7 reúnen os requisitos** para ser considerados traballos iguais ou similares, tal e como se establece no apartado 9.2 do PCAP

5. Idiomas de presentación do Plan: Castelán e Inglés.

6. Redución do prazo de entrega: 15 días

#### **ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A**

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	49.941,32 €
IVE (21 %):	10.487,68 €
Importe total ofertado:	60.429,00 €



2. Experiencia (número de traballos) da persoa directora do proxecto superior a mínima establecida nos pregos: 52 traballos.

O servizo de Turismo Rías Baixas, unha vez examinados os títulos dos traballos presentados considera que **só 6 reúnen os requisitos** para ser considerados traballos iguais ou similares, tal e como se establece no apartado 9.2 do PCAP

3. Experiencia (número de traballos) da persoa consultora 1 superior a mínima establecida nos pregos: 53 traballos.

O servizo de Turismo Rías Baixas, unha vez examinados os títulos dos traballos presentados considera que **só 9 reúnen os requisitos** para ser considerados traballos iguais ou similares, tal e como se establece no apartado 9.2 do PCAP

4. Experiencia (número de traballos) da persoa consultora 2 superior a mínima establecida nos pregos: 37 traballos

O servizo de Turismo Rías Baixas, unha vez examinados os títulos dos traballos presentados considera que **só 6 reúnen os requisitos** para ser considerados traballos iguais ou similares, tal e como se establece no apartado 9.2 do PCAP

5. Idiomas de presentación do Plan: Castelán e Inglés.

6. Redución do prazo de entrega: 15 días

A xefa do servizo de Turismo Rías Baixas emite informe (csv: 6ZHYNFOE170Y3GV8), no que figura o seguinte:

*“Enténdense por traballos iguais ou similares, ao obxecto do contrato, aqueles análises estratéxicos, plans estratéxicos, plans directores, estudos de mercado, estudos territoriais, proxectos europeos, desenvolvemento local ou similares, que contemplan, na súa redacción, os **5 eixes** esixidos, para ser considerado Destino Turístico Intelixente (DTI), a tenor do establecido na norma UNE 178501:2018 Sistemas de xestión dos destinos turísticos intelixentes (DTI): **Gobernanza, Tecnoloxía, Innovación, Accesibilidade e Sostibilidade**, tal como se establece nas “condicións xerais dos traballos”, recollidas no PPT, e debendo ser, por tanto, traballos relacionados co turismo”*

Feitas as valoracións de acordo cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, as puntuacións no sobre C son as seguintes:

CRITERIOS	CASTRO CONSULTING BUSINESS STRATEGY S.L	ESTRATEGIA ORGANIZACIÓN S.A	Y
1. Menor prezo ofertado sen IVE, (ata un máximo de 30 puntos)	25,443 puntos	28,530 puntos	
2. Experiencia da persoa directora do proxecto superior a mínima	0 puntos	6 puntos	



establecida nos pregos (ata 6 puntos)		
3. Experiencia da persoa consultora 1 superior a mínima establecida nos pregos (ata 6 puntos)	0 puntos	6 puntos
4. Experiencia da persoa consultora 2 superior a mínima establecida nos pregos (Ata 6 puntos)	6 puntos	0 puntos
5. Idiomas de presentación do Plan (ata 3 puntos)	3 puntos	3 puntos
6. Redución do prazo de entrega (Ata 4 puntos)	4 puntos	4 puntos
<b>TOTAL SOBRE C</b>	<b>38,443 puntos</b>	<b>47,530 puntos</b>

As puntuacións do sobre B máis o sobre C son as seguintes:

	CASTRO CONSULTING BUSINESS STRATEGY S.L	ESTRATEGIA ORGANIZACIÓN S.A Y
SOBRE B	29 Puntos	42 puntos
SOBRE C	38,443 puntos	47,530 puntos
<b>TOTAL</b>	<b>67,443 puntos</b>	<b>89,530 puntos</b>

A vista de todo o exposto a Mesa de Contratación acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas admitidas do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de consultoría para a redacción e elaboración do Plan Estratéxico de Turismo do destino Rías Baixas 2024-2027, que quedan da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIONES TOTAIS
1ª	ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A	89,530 puntos
2ª	CASTRO CONSULTING BUSINESS STRATEGY S.L	67,443 puntos

A Mesa de Contratación comproba que a empresa atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Dito certificado acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e



financeira, e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

- 2) Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato do Servizo de consultoría para a redacción e elaboración do Plan Estratégico de Turismo do destino Rías Baixas 2024-2027 á empresa ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A, polos prezos e valores ofertados por dita empresa.

**6. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para contratación da subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da Túa Man” (RURAL II) presentado a convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais financiado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do PRTR Nextgeneration.EU. (Expte.- 2023066084).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 1/12/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man (RURAL II) presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGeneration EU, cos seguintes lotes:

Lote	Denominación
1	Illas ecolóxicas
2	Dispositivos para a reciclaxe de residuos especiais

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 12/12/2023. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

A Mesa de Contratación na reunión do día 21/12/2023 procedeu a efectuar a apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:



### Lote nº 1: Illas ecolóxicas

ALQUI ENVAS S.L. (B-255335332)

BAYGAR S.L. (B-12019659)

COREGAL S.L. (B-15467962)

### Lote nº 2: Dispositivos para o reciclaxe de dispositivos especiais

Ningunha empresa achega oferta.

A Mesa de Contratación na reunión do día 21/12/2023 tamén procedeu á apertura da documentación con criterios avaliábeis mediante xuízos de valor, dándolle traslado da mesma ó persoal técnico do Servizo de Promoción de Emprego, para que procederan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

O Xefe do servizo de Promoción do emprego, D. Manuel Corujo Castro, con data 16/01/2024, emitiu informe de valoración da documentación técnica presentada polos licitadores (csv: PTGR9C7X469VUE2Q), figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

#### “Lote 1: Illas ecolóxicas

Empresas Licitadoras	1. Concreción e calidade técnica dos contedores, ata un máximo de 15 puntos	2. Concreción e calidade técnica dos paneis informativos, ata un máximo de 5 puntos	3. Concreción e calidade técnica das xardineiras, ata un máximo de 3 puntos	4. Aspectos ambientais dos contedores, paneis informativos e xardineiras, ata un máximo de 4 puntos	5. Imaxe e estética global dos contedores, paneis informativos e xardineiras, ata un máximo de 3 puntos	Total (ata 30 puntos)
ALQUI-ENVAS, SL	5,75	3,00	2,00	0,00	0,75	11,50
BAYGAR, SL	6,75	3,00	2,00	3,25	2,00	17,00
COREGAL, SL	6,50	2,00	1,50	1,50	2,25	13,75

As empresas ALQUI-ENVAS S.L. e COREGAL S.L. presenta unha proposta incompleta, sen dar resposta a tódolos requisitos obrigatorios que se esixen no prego de prescricións técnicas polo que non acada a puntuación mínima para pasar á seguinte fase da licitación.

### Lote 2: Dispositivos para a reciclaxe de residuos especiais





Empresas Licitadoras	1. Concreción e calidade técnica, ata un máximo de 19 puntos.	2. Aspectos ambientais dos dispositivos, ata un máximo de 6 puntos.	3. Imaxe e estética global dos dispositivos, ata un máximo de 5 puntos.	Total (ata 30 puntos)
Ningunha				

Polo tanto, tras a valoración técnica global para a contratación, mediante procedemento aberto, da subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (rural II) presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU (Expte: 2023066084), PROPONSE:

- Que se proceda á apertura do sobre C das seguintes empresas e lotes:

Lote	Empresas Licitadoras
Lote 1	BAYGAR, S.L.

- Que se declare deserto o lote 2 por non presentarse ningunha empresa e iniciar un novo procedemento conservándose neste aqueles actos ou trámites administrativos que non haxa resultado afectados.”

A Mesa de Contratación na reunión de data 18 de xaneiro de 2024, en base ó informe emitido polo Xefe do servizo de Promoción de Emprego, acorda:

1. Aprobar o informe de valoración técnica emitido polo xefe do servizo de promoción do emprego (csv PTGR9C7X469VUE2Q) , e en base ao mesmo.
2. Propor o órgano de contratación a exclusión das empresas ALQUI-ENVAS S.L. e COREGAL S.L., que achegan oferta ó lote nº 1, xa que presentan unha proposta incompleta, sen dar resposta a tódolos requisitos obrigatorios que se esixen no prego de prescricións técnicas, polo que non acadan o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor.
3. Prestar conformidade ás puntuacións acadadas pola empresa BAYGAR S.L no lote nº 1 admitida no procedemento aberto convocado, xa que acadan o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor.
4. Propor ó órgano de contratación declarar deserto o lote nº 2, por non achegarse ningunha oferta a dito lote, dentro do prazo de presentación de ofertas.

A Mesa de Contratación na reunión do 18-01-2024 tamén procedeu á apertura electrónica do sobre “C”, da empresa Baygar S.L. que acada unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (17 puntos) en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas, sendo os valores ofertados os seguintes:



BAYGAR S.L. (B-12019659)

Lote nº 1 Illas ecolóxicas

1. Prezo ofertado:

Importe unitario sen o IVE:	8.409,09 €
<i>(5 ud de contenedores + 2 ud xardineiras con ornamentación +1 ud panel nformativo).</i>	
IVE (21 %):	1.765,91 €
Importe unitario ofertado co IVE:	10.175,00 €
Importe total (11 ud máximas) co IVE	111.925,00 €

2. Ampliación do prazo de garantía: 24 Meses (TOTAL GARANTÍA: 60 MESES)

Procédese de seguido a efectuar a ponderación de ditos valores de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas, acadando a seguinte puntuación:

Criterios avaliados mediante fórmulas	
<b>1. Menor prezo ofertado, sen IVE</b> , ata un máximo de 50 puntos.	35,48
<b>2. Ampliación do prazo de garantía, en meses</b> , ata un máximo de 20 puntos.	20,00
<b>TOTAL PUNTUACION C</b> (Ata un máx. de 70 puntos)	<b>55,48</b>

As puntuacións totais acadadas segundo constan no Informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación co (csvV8CTGQB7HR41WQ6J, son as seguintes:

Lote nº1: Illas ecolóxicas

TOTAL puntuación xuízos de valor	17,00
TOTAL puntuación fórmulas	55,48
<b>TOTAL</b>	<b>72,48</b>

A vista de todo o exposto a Mesa de Contratación acorda:



1. Propor o órgano de contratación a exclusión das empresas ALQUI-ENVAS S.L. e COREGAL S.L., que achegan oferta ó lote nº 1, por non acadar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor.
2. Propor ó órgano de contratación declarar deserto o lote nº 2, por non achegarse ningunha oferta a dito lote, dentro do prazo de presentación de ofertas.
3. Aprobar a clasificación acadada pola oferta presentada pola empresa que concorre no procedemento aberto, que queda da seguinte forma:

Lote nº 1 Illas ecolóxicas

POSICIÓN	EMPRESAS	Puntuación Total
1ª	BAYGAR S.L. (B-12019659)	72,48

4. Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do lote nº 1 Illas ecolóxicas do referido procedemento aberto, ó licitador Baygar S.L. (B-12019659), polos prezos e valores ofertados.

**7. Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliada mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación das obras de "Substitución de celosías e carpinterías de aluminio no núcleo de escaleiras no Centro infante-xuvenil Escola Fogar Príncipe Felipe". (Expte.-2023017075).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, número 2023009967 de data 26 de decembro de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Substitución de celosías e carpinterías de aluminio no núcleo de escaleiras no Centro infante-xuvenil Escola Fogar Príncipe Felipe". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 10 de xaneiro de 2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

